

DECRETO NÚMERO 17003885 DO 03/05/2017

Ilma. Sra. Dona Ana Prieto Nieto, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico.

Instruído o expediente relativo a: Aprobación do recoñecemento e liquidación das obrigas e pagamento parcial das subvencións do programa municipal “Contrato Feito” da LIÑA B (ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO) (C. P. 162410005) con cargo á aplicación 24100.47000 (RC 75318/2016).

En relación co expediente de referencia e vistos:

- Informe de Intervención Ref. 361/2016 - Fase do gasto (Autorización A). Importe 1.150.000€. Informe de fiscalización previa limitada.
- Acordo 13/587 da Xunta de Goberno Local de 7 de setembro de 2016 polo que se aproban as bases e convocatoria do programa de emprego municipal 2016 “Contrato Feito”.
- Extracto das bases e convocatoria que rexerán o Plan de Emprego Municipal Contrato Feito no BOP de Lugo de 24 de setembro de 2016.
- Informe de Intervención Ref. 546/2016 - Fase do gasto Adxudicación (D). Importe adxudicación proposto Liña B (Asociacións): 218.590,80€. Informe de fiscalización previa limitada.
- Decreto nº 16010238 do 26/12/2016 de concesión das axudas do programa municipal Contrato Feito, ditado pola Ilma. Sra. Dona Ana Prieto Nieto, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico.
- As bases de convocatoria do programa, concretamente a súa base nº 4 dirixida as entidades sen ánimo de lucro (Liña B), que establece:

“Poderán solicitar anticipos de pagamento as devanditas entidades (LIÑA B) ata un importe máximo do 90% da subvención concedida. En todo caso estas deberán observar as obrigas establecidas na Lei Xeral de Subvencións, e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións”.

-Visto o informe de Desenvolvemento Local de 25 de xaneiro de 2017 do seguinte teor literal, debidamente conformado pola Concelleira Delegada:

“Segundo o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local nº 13/587 de 7 de setembro de 2016, o órgano designado para a instrucción da tramitación dos expedientes de subvención será o Departamento de Desenvolvemento Local.

Vistas as bases de convocatoria do programa, concretamente a súa base nº 4 dirixida as entidades sen ánimo de lucro (Liña B), que establece:

“Poderán solicitar anticipos de pagamento as devanditas entidades (LIÑA B) ata un importe máximo do 90% da subvención concedida. En todo caso estas deberán observar as obrigas establecidas na Lei Xeral de Subvencións, e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións”.

Unha vez solicitados ditos anticipos de pagamento polas entidades adxudicatarias da Liña B) do programa de emprego, mediante solicitude formal presentada polo Rexistro Municipal, o órgano instructor comprobou os requisitos esixidos as mesmas en canto aos compromisos adquiridos como beneficiarias e en canto aos colectivos dos traballadores desempregados a contratar, así como os perfís dos traballadores contratados e a súa categoría profesional, así como os requisitos de inscrición como demandantes de emprego e de inscrición no padrón municipal. As contratacións dos traballadores desempregados polas beneficiarias se formalizaron no período comprendido entre o día 4 de xaneiro de 2017 e o 18 de xaneiro de 2017.

Así os datos que se comprobaron foron os seguintes:

- colectivo a que pertence o traballador contratado (menor de 30 anos, parado longa duración, maior de 45 anos, discapacitado, desempregado en xeral)
- a xornada de traballo, o tipo de contrato, categoría profesional e duración do contrato con respecto ao solicitado e concedido previamente
- a inscrición como demandantes de emprego dos traballadores contratados, así como se solicitaron informes ao Servizo de Estatística para a comprobación da antigüidade no Padrón municipal dos mesmos

Así mesmo a documentación presentada polas entidades xustificando as contratacións dos traballadores foi a seguinte:

- Dni do traballador
- Contrato de traballo formalizado
- Informe vida laboral do traballador actualizado
- Informe vida laboral da empresa actualizado
- Certificado inscrición como demandante de emprego actualizado
- Certificado de discapacidade, no seu caso

Así mesmo cada unha das once entidades beneficiarias da Liña B) de subvencións (sinalar que das doce adxudicatarias unha presentou renuncia), presentaron a solicitude de anticipo de pagamento nunha porcentaxe do 90% do importe de adxudicación de subvención e acompañando certificación bancaria do número de conta coas mesmas para o seu aboamento.

*Polo tanto dende o Departamento de Desenvolvemento Local **emítese informe proposta favorable para facer efectivo o anticipo de pagamento na contía do 90% da***

subvención concedida a cada unha das entidades adxudicatarias da Liña B) do programa de emprego municipal “Contrato Feito”, despois de examinados os requisitos esixidos nas bases de convocatoria e ver que os mesmos se cumpren polas devanditas entidades en canto as contratacións de traballadores desempregados efectuadas.

As entidades adxudicatarias solicitantes serían as seguintes, e que se reflectin a continuación (desglósase a cantidade de subvención outorgada e a cantidade do anticipo solicitado):

ENTIDADE SOLICITANTE	NIF/CIF	SUBV. CONCEDIDA (EUROS)	ANTICIPO SOLICITADO (90%)
ASOCIACIÓN PROFESIONAL LYOGLOBALTEAM	G27425370	19.910,88€	17.919,79€
ASOCIACION DE VETERANOS LVCUS TM	G27476647	12.190,68€	10.971,61€
FUNDACION CAMPUS UNIVERSITARIO DE LUGO	G27192137	19.537,56€	17.583,80€
ASOCIACIÓN SINDROME DE DOWN	G27202043	22.899,72€	20.609,75€
ASOCIACION EDEIDADES PARA LA MUJER	G27431873	10.069,12€	9.062,21€
ASOCIACION PROVINCIAL DE CENTROS DE FORMACION DE LUGO	G27126085	22.788,96€	20.510,06€
APREVAR	G27030790	25.219,92€	22.697,93€
FEDERACIÓN ASOCIACION DE VECINOS LUCUS AUGUSTI	G27158575	21.530,52€	19.377,47€
ASOCIACION VECIÑAL ALTO DA LEBRE	G27479757	23.028,72€	20.725,85€
ASOC. MULLERES EMPRESARIAS DE LUGO	G27105220	10.069,12€	9.062,21€
ASOCIACION VECIÑAL CULTURAL S. ISIDRO PIRINGALLA	G27169705	19.176,72€	17.259,05€

TOTAL: 185.779,73€

É canto procede informar.”

- A xustificación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social das Entidades anteriores

- Visto así mesmo que existe consignación orzamentaria na aplicación 24100.47000, segundo certificado de tesourería do 27 de abril de 2017. (C. P. 162410005)

Visto o anteriormente exposto procede a aprobación do recoñecemento e liquidación das obrigas e pagamento parcial das subvencións do programa municipal “Contrato Feito” da LIÑA B (ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO) (C. P. 162410005) con cargo á aplicación **24100.47000 (RC 75318/2016)**

Visto que existe consignación orzamentaria, segundo certificado de tesourería e a fiscalización do Interventor, e en virtude das atribucións que confire á Excm. Sra. Alcaldesa o artigo 124.4 ñ da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como os arts. 185 e 186.1 do R.d. Legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para recoñecemento e liquidación de obrigas e a ordenación de pagos respectivamente, atribucións delegadas pola Alcaldía segundo o seu Decreto núm. 16008543 de 9 de novembro de 2016 , do Libro de Resolucións da Área da Alcaldía: Actas e Goberno e Normalización Lingüística,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- A aprobación do recoñecemento e liquidación das obrigas e pagamento parcial das subvencións do programa municipal “Contrato Feito” da LIÑA B (ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO) (C. P. 162410005) con cargo á aplicación **24100.47000 (RC 75318/2016)**, ás seguintes entidades (once) que se relacionan a continuación:

<i>ENTIDADE</i>	<i>NIF/CIF</i>	<i>CONTÍA A ABOAR (EN CALIDADE DE ANTICIPO DO 90% DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA)</i>
<i>ASOCIACIÓN PROFESIONAL LYOGLOBALTEAM</i>	<i>G27425370</i>	<i>17.919,79€</i>
<i>ASOCIACION DE VETERANOS LVCUS TM</i>	<i>G27476647</i>	<i>10.971,61€</i>
<i>FUNDACION CAMPUS UNIVERSITARIO DE LUGO</i>	<i>G27192137</i>	<i>17.583,80€</i>

<i>ASOCIACIÓN SINDROME DE DOWN</i>	<i>G27202043</i>	<i>20.609,75€</i>
<i>ASOCIACION EDEIDADES PARA LA MUJER</i>	<i>G27431873</i>	<i>9.062,21€</i>
<i>ASOCIACION PROVINCIAL DE CENTROS DE FORMACION DE LUGO</i>	<i>G27126085</i>	<i>20.510,06€</i>
<i>APREVAR</i>	<i>G27030790</i>	<i>22.697,93€</i>
<i>FEDERACIÓN ASOCIACION DE VECINOS LUCUS AUGUSTI</i>	<i>G27158575</i>	<i>19.377,47€</i>
<i>ASOCIACION VECIÑAL ALTO DA LEBRE</i>	<i>G27479757</i>	<i>20.725,85€</i>
<i>ASOC. MULLERES EMPRESARIAS DE LUGO</i>	<i>G27105220</i>	<i>9.062,21€</i>
<i>ASOCIACION VECIÑAL CULTURAL S. ISIDRO PIRINGALLA</i>	<i>G27169705</i>	<i>17.259,05€</i>

TOTAL: 185.779,73€

SEGUNDO.- A aprobación da ordenación do pago das obrigas recoñecidas correspondentes ás subvencións anteriormente sinaladas.

TERCEIRO.- Notifíquese a presente resolución ás partes interesadas coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa e que contra ela poden interpoñer-se os seguintes recursos:

Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

Maila o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer-se o recurso potestativo de Reposición, ante a Alcaldía no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Cúmprase.